

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP A SOLAINA
CURSO: 2º ED. PRIMARIA
MATERIA:TITORÍA
DATA:11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
LINGUA GALEGA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender textos sinxelos	Comprende textos sinxelos) (1º/2º/3º Trimestre)
Comprender o concepto de sílaba e separar as sílabas dunha palabra de forma correcta; identificar o número de sílabas que compón unha palabra	Separa as sílabas dunha palabra de forma correcta) (1ºTrimestre)
Repasar a norma ortográfica dos signos de interrogación e exclamación	Fai un uso correcto dos signos de interrogación e exclamación.) (1º Trimestre)
Completar oracións con palabras que faltan.	Completa oracións dun texto con palabras que faltan) (1º Trimestre)
Repasar a norma ortográfica das palabras escritas	Fai un uso correcto da norma ortográfica que rexe as palabras escritas dos fonemas traballados (ca, co, cu, que e qui; za, zo, zu, ce e ci; g, gu ;br y bl) (1º/2º/3º Trimestre)
Distinguir entre nomes comúns e nomes propios e os seus tipos	Identifica e distingue nomes comúns e nomes propios) (1ºTrimestre)
Distinguir entre nomes individuais e nomes colectivos	Identifica e distingue nomes individuais e nomes colectivos) (1ºTrimestre)
Coñecer e identificar os artigos e as súas formas	Coñece e identifica os artigos) (2º Trimestre)
Coñecer e identificar a formación do xénero.	Coñece e identifica a formación do xénero) (2º Trimestre)
Coñecer e identificar a formación do número	Coñece e identifica a formación do número) (2º Trimestre)
Utilizar adxectivos cualificativos para indicar como son ou están as persoas, os animais ou as cousas.	Utliza adxectivos para atribuírlle calidades aos nomes) (2º Trimestre)
Coñecer o verbo e identificar as accións verbais.	Coñece o verbo e identifica as accións verbais. (3ºTrimestre)
Coñecer pronome persoal e as súas formas.	Coñece pronome persoal e as súas formas. (3ºTrimestre)
Recoñecer o suxeito e o predicado.	Identifica o suxeito e o predicado facendo as preguntas pertinentes. (3ºTrimestre)

CIENCIAS NATURAIS

Coñecer as principais partes do corpo humano e as súas principais características	Identifica e describe as partes do corpo humano) (1º Trimestre)
Coñecer o funcionamento do corpo humano: localización, funcións e coidados do aparato respiratorio e do circulatorio.	Identifica as principais características do aparato respiratorio e do circulatorio (1º Trimestre)
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de hábitos de alimentación saudables.	Distingue alimentos segundo a súa achega para unha dieta equilibrada) (1º Trimestre)
Recoñecer a dixestión como unha función vital e identificar os órganos implicados no proceso.	Identifica e describe o proceso da dixestión como función vital así como os órganos que interveñen nela.) (1º Trimestre)
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos animais atendendo ás súas características e tipos.	Diferencia entre animais vertebrados e invertebrados e clasifica os animais vertebrados, atendendo ás súas características) (2º Trimestre)
Recoñecer e clasificar as plantas aplicando a información obtida a través de diversos medios.	Identifica distintas plantas e nomea as características principais e as partes que a componen) (2º Trimestre)
Identificar algunhas das máquinas e aparatos próximos que nos facilitan as tarefas diarias.	Identifica algunhas das máquinas e aparatos que nos facilitan as tarefas diarias. (3º Trimestre)
Coñecer a importancia dos descubrimentos e inventos no desenvolvemento da humanidade.	Recoñece algúns descubrimentos e inventos fundamentais. (3º Trimestre)

CIENCIAS SOCIAIS

Recoñecer a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais), apreciando as características e trazos propios.	Identifica a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais) recoñecendo as súas características e trazos propios) (1º Trimestre)
--	--

Comprender a organización social do seu ámbito próximo (barrio, localidade, municipio).	Identifica e describe os costumes, forma de vida e organización social da súa localidade así como algunhas funcións das institucións locais) (1º Trimestre)
Recoñecer diferentes manifestacións culturais populares da súa localidade desenvolvendo actitudes que contribúan á súa valoración e conservación.	Coñece diferentes manifestacións culturais populares da súa localidade.) (1º Trimestre)
Recoñecer as consecuencias da acción humana sobre a paisaxe natural, identificando as semellanzas e diferenzas entre paisaxe natural e urbana.	Identifica elementos naturais e humanos da paisaxe) (1º Trimestre)
Recoñecer a auga como elemento natural, as súas propiedades, características e relación cos seres vivos. Así como os lugares onde hai auga na natureza.	Identifica as propiedades da auga e os seus diferentes estados así como os lugares nos que se atopan.) (2º Trimestre)
. Coñecer as diferenzas que hai entre unha paisaxe de interior e unha paisaxe de costa.	Describe as paisaxes de costa diferenciándoos das paisaxes de interior.) (2º Trimestre)
Recoñecer as características dos medios de comunicación de masas, identificando o papel dos medios na vida cotiá.	Enumera distintos medios de comunicación interpersoais e de masas. (3º Trimestre)
Coñecer os traballos das persoas do contorno. Valorar a necesidade e importancia de todas as profesións.	Identifica e exemplifica as principais profesións e responsabilidades que desempeñan as persoas do contorno, valorando a importancia de cada unha, a responsabilidade e a contribución á sociedade, identificando estereotipos sexistas. (3º Trimestre)
Comprender os cambios producidos nas persoas, na sociedade e na natureza co paso do tempo descubriendo a evolución dalgúns aspectos da vida cotiá e ordenando cronoloxicamente secuencias temporais.	Recoñece os cambios que produce o paso do tempo nas persoas, as cousas, as paisaxes e os costumes. (3º Trimestre)
LENGUA CASTELLANA	
Utilizar estratexias para a comprensión lectora	Comprende a información xeral de un texto ao resolver satisfactoriamente as cuestións que se lle plantexan (1º/2º/3º Trimestre)
Distinguir dentro de unha palabra o número de sílabas que a compoñen e identificar a sílaba tónica de las átonas	Identifica o número de sílabas de unha palabra (1º Trimestre)

Aprender a utilizar sinónimos y antónimos de palabras	Encuentra y utiliza el sinónimo y antónimo de algunas palabras (1º Trimestre)
Diferenciar el nombre común del nombre propio	Establece correctamente la diferencia entre un nombre común y uno propio (1º Trimestre)
Conocer y utilizar los signos de interrogación y exclamación en la producción de textos	Conoce el uso y la diferencia entre los signos de interrogación y exclamación (1º Trimestre)
Adquirir las convenciones del código escrito y la ortografía	Reconoce y aplica las reglas ortográficas dadas: la mayúscula y el punto; ca, co, cu, que y qui; za ,zo ,zu, ce y ci; la g, la gu y la gü; br y b (1º/2º/3º Trimestre)
Utilizar correctamente los artículos	Identifica los artículos y los demostrativos utilizándolos correctamente (2º Trimestre)
Utilizar las TIC como instrumento de aprendizaje	Utiliza las TIC para las producciones propias (3º Trimestre)
Identificar el adjetivo calificativo como elemento que acompaña al nombre	Identifica el adjetivo calificativo como elemento que acompaña al nombre (2º Trimestre)
Utilizar el vocabulario conocido y producir diferentes tipos de textos	Produce diferentes tipos de textos (1º/2º/3º Trimestre)
Desarrollar la habilidad de formular preguntas a diferentes personas para obtener la información que necesita.	Reconoce la utilidad de formular preguntas, de hacer entrevistas como medio para obtener información. (3º Trimestre)
Distinguir las formas verbales, su género, y saber si están en singular o en plural.	Distingue las formas verbales y sabe si están en singular o en plural. (3º Trimestre)
Reconocer las partes de una oración: sujeto y predicado, señalando los elementos más importantes de cada parte.	Identifica y señala las partes de una oración: sujeto y predicado. (3º Trimestre)
MATEMÁTICAS	
Utilizar procesos de razonamiento y estrategias de resolución de problemas, realizando los cálculos necesarios y comprobando las soluciones obtenidas.-Identificar y resolver problemas de la vida cotidiana adecuados a su nivel, estableciendo conexiones entre la realidad y las matemáticas y valorando la utilidad de los conocimientos matemáticos adecuados para la resolución de problemas	Analiza y comprende el enunciado de los problemas (datos, relaciones entre los datos, contexto del problema) (1º/2º/3º Trimestre)
Leer, escribir y ordenar, utilizando razonamientos apropiados, distintos	Lee, escribe y ordena en textos numéricos y de la vida cotidiana números naturales utilizando razonamientos apropiados e interpretando el valor de posición de cada una de sus cifras (1º/2º/3º Trimestre)

tipos de números.	
Componer y descomponer los números atendiendo a unidades, decenas y centenas	Descompone, compone y redondea números naturales interpretando el valor de posición de cada una de las cifras (1º/2º/3º Trimestre)
Operar con los números teniendo en cuenta la jerarquía de las operaciones, aplicando las propiedades de las mismas, las estrategias personales y los diferentes procedimientos que se utilizan según la naturaleza del cálculo que se ha de realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación ,calculadora), decidiendo sobre el uso más adecuado	Realiza operaciones con números naturales: suma, resta, multiplicación (1º/2º/3º Trimestre)
Completar series numéricas ascendentes y descendentes	Construye series numéricas, ascendentes y descendentes. (1º/2º/3º Trimestre)
Conocer las figuras planas: cuadrado, rectángulo, triángulo y rombo	Identifica y nombra polígonos atendiendo al número de lados. (1º/2º/3º Trimestre)
Realizar, leer e interpretar representaciones gráficas de un conjunto de datos relativos al entorno inmediato	interpreta gráficos muy sencillos: diagramas de barras, poligonales y sectoriales, con datos obtenidos de situaciones muy cercanas (1º/2º/3º Trimestre)
Escoger los instrumentos de medida más pertinentes en cada caso, estimando la medida de magnitudes de longitud, capacidad, masa y tiempo haciendo previsiones razonables.	Estima longitudes, capacidades, masas, superficies y volúmenes de objetos y espacios conocidos; eligiendo la unidad y los instrumentos más adecuados para medir y expresar una medida, explicando de forma oral el proceso seguido y la estrategia utilizada. (3ºTrimestre)
Conocer las características y aplicarlas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, cuerpos redondos (cono, cilindro y esfera) y sus elementos básicos.	Reconoce e identifica, poliedros, prismas, pirámides, cuerpos redondos (cono, cilindro y esfera) y sus elementos básicos: vértices, caras y aristas. (3ºTrimestre)
PLÁSTICA	
Utilizar as tesoiras e o pagamento con autonomía	Utiliza as tesoiras e o pagamento con autonomía (1º/2º/3º Trimestre)

Realizar debuxos e o seu coloreado.	Realiza debuxos e colorea correctamente os modelos suxeridos (1º/2º/3º Trimestre)
Usar diferentes técnicas e materiais de pintura	Aplica diferentes técnicas de pinturas: as ceras, témperas, acuarelas, rotuladores, lápices de madeira.) (1º/2º/3º Trimestre)
Manexar e manipular diferentes materiais para lograr crear obras artísticas	Usa materiais de refugallo para facer diferentes producións. (1º/2º/3º Trimestre)
Realizar composicións plásticas con distintos elementos e técnicas.	Recorta e pega os elementos dunha composición plástica, recoñecendo a importancia que ten o emprego coidadoso destas técnicas no resultado final do traballo. (1º/2º/3º Trimestre)
Realizar un crebacabezas recortando as pezas.	Recorta con sultura as pezas debuxadas e segue atentamente todas as pautas que se dan para realizar un crebacabezas reutilizable. (1º/2º/3º Trimestre)

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega: ao ser avaliación continua a cualificación final corresponde coa da segunda avaliación.</p> <p>Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Plástica: se fai media aritmética ou ponderación da primeira e segunda avaliación</p> <p>As actividades, tarefas e traballos realizados, a partir do inicio da suspensión lectiva presencial consideraranse exclusivamente a efectos de mellorar a cualificación que tiña o alumnado na primeira e segunda avaliación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Informes de rexistro de acceso á plataforma Aula Virtual e a entrega de cuestionarios das diferentes materias a través da mesma plataforma. Así como a entrega voluntaria de tarefas propostas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final do curso será a mesma que a do 3º trimestre, posto que xa é a media dos dous trimestres anteriores.</p>
Alumnado con algún trimestre suspenso	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Dado que neste 3º trimestre se está a repasar e reforzar os estándares de aprendizaxe do 1º e 2º trimestre, os criterios serán os mesmos que os que se recollen na táboa do apartado 1 deste documento</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Valorarase positivamente o esforzo do alumnado por realizar e entregar as tarefas de mellora recomendadas</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Se envía adicionalmente material de reforzo de xeito individualizado, dando oportunidade de feedback e recollendo rexistros de tarefas elaboradas ou entregadas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas para o terceiro trimestre baséanse en actividades semanais de reforzo, mellora ou ampliación sobre contidos dados no 1º e 2º trimestre.</p> <p>Estas actividades proporciónanse ao alumnado a través da plataforma Aula Virtual, dándolles dúas opcións para a súa execución: poden imprimilas ou ben escribilas nun folio ou nun caderno. Tamén incluímos enlaces URLS nos que o alumnado pode realizar actividades de xeito interactivo. Asemade incluímos cuestionarios que favorezan a autonomía do alumnado ao tempo que lles ofrece feedback na súa aprendizaxe.</p> <p>Realizamos unha planificación axustada das actividades en función das características e medios dispoñibles polo alumnado, sen que haxa un exceso de actividades diarias ou semanais, e dando un retorno periódico de información ao alumnado ou as súas familias sobre as actividades desenvolvidas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Partindo do suposto de que o terceiro trimestre desenvolverase de forma non presencial, o proceso de ensino será virtual e individualizado, primando o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas durante o primeiro e segundo trimestre, priorizando a consecución das competencias do alumnado e tendo en conta os medios cos que conta e a súa dispoñibilidade, o apoio familiar ou as súas necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>Para aquelas familias que o precisen, poderanse beneficiar do servizo de impresión facilitado polo Concello ou a través da dirección do centro no caso de que as dificultades de conectividade persistan.</p>
Materiais e recursos	Os materiais necesarios para desenvolver as tarefas son ordenador, tablet ou móbil, un caderno ou folios e material funxible como lapis, goma e cores.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado está á disposición do alumnado para poder axudar e tentar buscar solucións no desenvolvemento das actividades ou resolver as dúbidas académicas que xurdan.</p> <p>Tanto as titoras como os mestres especialistas adoptaron diversas canles de comunicación tales como ABALAR, o foro e o servizo de mensaxería da Aula Virtual ou mesmo os seus correos electrónicos.</p> <p>Asemade o profesorado prestamos especial atención a identificar ao alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable. De non ser posible, damos traslado ó equipo directivo para que efectúe o traballo pertinente que permita finalmente entablar esas canles de comunicación.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/</p>